

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE FEBREIRO DE 2015.

Presidente:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 4 DE 26 DE XANEIRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 4/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 26 de xaneiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA para o acondicionamento de despacho profesional doméstico na rúa C, 19, baixo B – Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO por importe de 47,55 euros, de data 19/01/15.



2.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a reparación de muro nunha finca denominada “Camposas”, na parroquia de Barcia, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 26/01/15 en concepto de ICIO por importe de 29,76 euros.

3.- INFORMES PREVIOS.

3.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, de data 23/01/2015, sobre avaliación de incidencia ambiental, solicitado polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura, en relación á licenza de obra para explotación cunícola, situada nunha parcela denominada “Toural”, próxima ao lugar de Maceira, Lalín, e remitir dito informe ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura.

3.2.- Acordouse aprobar o informe preceptivo previo solicitado por Augas de Galicia para a concesión dun caudal de auga, procedente dun pozo en Bendoiro de Abaixo, Bendoiro, Lalín, emitido polo enxeñeiro técnico municipal de obras públicas, de data 13/01/15 (con aclaración de data 21/01/15).

4.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN PARA A OCUPACIÓN TEMPORAL DOS TERREOS ADXACENTES A ANTIGA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE LALÍN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

5.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

5.1.- Acordouse proceder á devolución da fianza e á súa cancelación depositada na Tesourería Municipal pola empresa **Manuel Meijide Otero, S.L**, polo importe de **2.914 euros**, como garantía para responder da obra C.T. núm. 1 Lalín de Arriba a raíz das obras para a construción e posta en funcionamento do centro de transformación.

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.



6.1.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do **XXI Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”**, e outorgar distos premios aos seguintes beneficiarios:

-PRIMEIRO PREMIO ao mellor traballo xornalístico presentado entre todas as categorías, dotado con tres mil euros (3.000 €) á CORPORACIÓN DE RADIO TELEVISIÓN ESPAÑOLA, S.A. polo programa emitido por TVE “COCINA2” da produtora Shine Iberia y Fox e protagonizada polos irmáns Torres, pola súa capacidade de difusión da cociña e dos produtos galegos no ámbito estatal.

- O ACCESIT, dotado con mil euros (1.000 €) a ONDA CERO GALICIA SUR polos diversos programas e iniciativas gastronómicas difundidas nas súas emisións habituais.


- PREMIO AO MELLOR TRABALLO ACADÉMICO, dotado con mil euros (1.000 €) a D^a. Natalia Saavedra Nieto, D^a. Sara Pérez Seijo, D^a. Laura Seijo Vigo, D^a. Laura Rapa Casariego, D. Pablo Portela Rodríguez, D^a. Ana Rial Maneiro e D^a. Irene Picallo Doce, polo traballo xornalístico “GASTROLICIA” pola calidade narrativa e a diversidade de ferramentas informáticas e o seu bo uso para crear narrativas multimedia adaptadas ao contexto de consumo de contidos en diferentes formatos e dende diferentes dispositivos por parte do usuario, contidos ben estruturados e imaxe moi coidada. O importe do premio será repartido en partes iguais entre os autores do traballo.

6.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.543,00 € máis a partida de 1.374,03 € correspondente ao IVE, con destino á cubrición do corredor existente entre as pistas de pádel e a piscina municipal nas instalacións do edificio polideportivo multiusos municipal e contratar coa empresa **CARPINTERÍA METÁLICA VARELA**, a realización da citada subministración.

6.3.- Acordouse traspasar o importe de 261,34 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recadación en vía executiva polo ORAL das cantidades adebedadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

6.4.- Acordouse a anulación dos dereitos de exercicios cerrados que se reflicten no informe de intervención motivado pola declaración de insolvencia tal como consta no informe emitido polo ORAL ao respecto.

6.5.- Acordouse acollerse á Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración cas entidades locais ese procedede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015, ratificando a solicitude de subvención e axudas



Secretaría Xeral

que figuran no expediente de solicitude, aprobar as Memorias/Proxectos, retribucións e demais documentación do expediente que se relaciona: Apoio ao departamento de deportes, comprometerse ao financiamento das partidas orzamentarias que correspondan ao Concello e ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición, no suposto de obter a subvención solicitada

6.6.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan de Acción Municipal 2015 convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra e publicadas no BOP nº 1, do venres día 2 de xaneiro de 2015 e solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a subvención para o desenvolvemento das seguintes actividades:

ACTIVIDADE

Campamentos
Ciclo de música na rúa
XIIª Bienal de Arte Pintor Laxeiro

E comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición, no suposto de obter a subvención solicitada.

6.7.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 e aprobar a Memoria/Proxecto, retribucións e demais documentación do expediente que se relaciona:

PROXECTO	ORZAMENTO
Parque infantil no xardín botánico	100.000,00

Comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición e poñer a dispoñibilidade os terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas para levalas a cabo.

6.8.- Acordouse aprobar varias altas no programa “Xantar na Casa”.

6.9.- Acordouse a **ALTA** horaria no SAF para varias persoas en situación de dependencia das seguintes persoas usuarias segundo consta na listaxe do programa de Asignación de recursos do Servizo de Axuda no Fogar (Par de SAF).

6.10.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.



6.11.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

6.12.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 15.031,45 €, con destino ó servizo de celebración do Festival de Orquestras Concello de Lalín a tarde do día da Feira do Cocido, o cal inclúe a contratación das orquestras, gastos da SGAE, montaxe de electricidade, colocación de bornero para orquestras e servizo de vixilancia e seguridade (4 vixilantes), e contratar coa empresa Carpas Deza Espectáculos, S.L. a realización do servizo descrito con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.

6.13.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.267 € (IVE incluído), con destino á adquisición de 10 capas para investir ós Comendadores do Cocido e contratar coa empresa **Florentino Colección, S.L.**, o subministro citado, con suxeición ó réxime dos contratos menores de subministros.

6.14.- Acordouse con **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, para o vado permanente de placa nº 65 ubicado na rúa da Ponte nº 16.

6.15.- Acordouse aprobar as altas e liquidacións para os días detallados para o exercicio 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

6.16.- Acordouse aprobar o Convenio de patrocinio formulado polo Concello de Lalín a ABANCA en relación ao “Festival de Orquestras Concello de Lalín-Abanca” que tera lugar o día 8 de febreiro de 2015 no multiusos Lalín Arena, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan e facultar ó Sr. Alcalde ou o Concelleiro Delegado de Turismo para a súa sinatura.

6.17.- Acordouse aprobar e ratificar a sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente do Acordo de cooperación entre o Concello de Lalín e Televisión de Galicia, S.A de data de 22 de xaneiro de 2015, para a realización dos “XXIº Premios Nacionais de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro” e os “XXIº Premios de Gastronomía de Galicia “ que se celebrarán o venres 6 de febreiro de 2015, no multiusos Lalín Arena, que consta de seis



Secretaría Xeral
cláusulas, asumindo as obrigas e os compromisos que nel se recollen, e autorizar e comprometer o gasto por importe de 23.897,50 € con destino a financiación da retransmisión da Gala de Gastronomía conforme o enriba indicado e o establecido na cláusula segunda do acordo de cooperación.

7.- CORRECCIÓN DE ERROS.

7.1.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 19 de xaneiro de 2015, punto 6.2. Expedientes de contratación e acordouse corrixir o mesmo.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Dáse conta do escrito solicitando copia de varios documentos do expediente de edificación dunha vivenda unifamiliar en Vilariño-Santiso-Lalín e acordase acceder ao solicitado.

8.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a instalación dun escenario na Praza da Igrexa e organizar no mesmo unha actividade de dinamización o día 8 de febreiro de 2014 coa actuación dun grupo musical, pola tarde en horario de 17:00 a 19:00 horas aproximadamente e acordouse rexeitar e denegar a solicitude presentada xa que a actuación solicitada coincide con outras incluída dentro da programación xa organizada e para ese día xa esta cerrada, contando na mesma actuacións e animación na Carpa Compromiso de Calidade sita na Praza da Igrexa e outras actividades.

=====

